

O esmagado
Goretti Fariña
1996

1.-

Nemesio Loureiro esperaba a que chegase a auga quente á billa cando sentiu algo parecido a un berro seguido dun golpe. Parecelle que viña do interior do edificio. O home pasou ó cuarto da lavadora. Na ventá daquel curruncho o patio de luces era única visión posible. Mirou. Ós seus sesenta anos cumpridos, o señor Loureiro levaba xusto a metade da vida como veciño do segundo-dereita, e precisaba lentes para mellor ver, mais a vista súa aínda non era tan ruín que non puidese apreciar a silueta sanguíñenta dunha persoa que tiña tódalas trazas de ser un cadáver.

Nemesio non tivo dúbida de que alí había unha persoa esmagada e tamén da presenza máis contemplando a traxedia. Enriba, no terceiro, onde vivía o presidente da comunidade, alguén acababa de pechar a ventá e seguro que tamén era sabedor daquilo. ¿Caería de alí esa persoa esmagada ó patio? ¿Sería o propio presidente da comunidade o esmagado? ¿Podería ser só unha visión aquel farrapo de home que xacía estarricado aí? O señor Loureiro mirou a hora. Oito e dez. Sábado sen sol. Se non se daba présa ía chegar tarde a abrir a tenda súa, pero, ó mesmo tempo, tiña de certo que algo ben gordo acababa de pasar e non era cousa de perdelo. Só cumpría renunciar a dez minutos de ducha e botar man da afeitadora eléctrica. Tamén llo podía dicir á Adelina, a gurrumiñeira dona súa que andaba remexendo na cociña, decidida a emperequitar algún almorzo baixo en calorías que non lle fose incompatible co seu tratamento. Porque a muller está mal dos nervios e non debe tomar cousa ningunha que a poida alterar. "Adelina, ¿puxeche a inxección?", halle preguntar de alí a pouco. E por toda resposta, ela rosmar algunha refungada letanía que a Nemesio lle vai soar coma se o puxese a feder. "Non lle teña en conta as reaccións que

Ile dean por causa dos seus desequilibrios, ela sinte un oco moi grande na súa vida, pense que súa dona non acadou a maternidade e acaba de pasar a menopausia", explicaralle o monifate do médico outra vez. "O caralliño!, e da miña falta de paternidade quen me fala, quen demos me amaña un sucedáneo, quen raios me pon tratamento, ¿eh?", protesta Nemesio. E maldicindo a idade e a ferretería, o señor Loureiro botou man dunha grosa chaqueta, blasfemou coma quen espirra unha miga atobada e saiu axiña do segundo-dereita para ir pescudar no miolo do drama que alí acontecía.

2.-

O home pinchou da cama nada máis escoitar aquel grito. Foi un ai prolongado, xoto, incrédulo; e despois, polo interior do edificio sentiuse un golpe apagullado que agoiraba unha morte segura, irremediable. Acendeu a luz. O despertador marcaba as oito e dez. Fóra xa ben entrara o día. Baixo do edredón, Elvira, a súa muller, parecía abrazar a almofada sen abrir nin un ollo ensoniñado, sen se mover sequera cando el ergueu a persiana do cuarto e tirou do aluminio para botar a cabeza fóra da ventá. A cambra fría que lle abaneou o espiñazo fíxolle lembrar a Ricardo que esa mañá de sábado era cando aquel homiño que apalabrara ía comenazar a dar a pintura por toda a fachada interior do edificio. E algo pagaría porque naquel fondo soamente houbera algún bidón ciscado ou un maldito andaime convertido en cachizas; pero non, tres andares máis abaixo, no rectángulo de lousas de cor tella que compoñían o patio de luces, só había unha figura esmagada e inmóbil que principiaba a deitar sangue ó seu redor coma unha ola furada.

Ricardo Taracido fregou nas pálpebras como para se convencer desa verdade mañanceira, morta. Logo tratou de pensar, de reaccionar o máis a présa posible. Rabuñou ben na calva como tentando escorrentar os avesíos agoiros dese día. Había lagañas coma restrebas nos seus ollos,

mais tiña ben de certo que aquilo non era un pesadelo, unha badalada somnámbula tintada de traxedia. E o primeiro que lle brincou na súa mente amodorrada foi o acordante de que el era o presidente desa comunidade de veciños, a do edificio que, sen ninguén se explicase por que, levaba por nome "Maracaibo".

De contado pechou a ventá e botou man da roupa e, medio ás escuras, acomodoulle o escorregadizo edredón a esa Elvirucha súa que seguía gadoupando na almofada e alentaba cun roncar de pandorca. Estaba a piques de poñer os zapatos cando bateu cun xeonllo contra a mesiña de noite. Non puido evitar queixarse e a súa dona abriu os ollos para tentar acender a luz:

–¿Que pasou?

–Nada bo, Viruchiña.

–¿Onde vas?

–Ergue que xa o ir s sabendo.

E mentres se vestía, renegando a gralladas do seu sino e da hora na que aceptou presidir aquela comunidade de veciños, Ricardo Taracido pensou que ía precisar unha chea de sorte para saír ben desa súpeta embercellada que se lle viña enriba.

3.–

Francisco Rosende definíase coma un home de xestión, un experto en nóminas e balances ó que lle estaba quedando a casa pequena. En efecto, catro anos antes o despacho ocupáballe menos dun tercio do piso e o resto servíalle para vivenda pero, agora, con tanta penetración no mercado empresarial, pasáballe xustamente o contrario. Seguramente precisaba outro sitio pero, mentres, facía compatible dormitorio e mais despacho no mesmo piso e gustáballe dicir que só tiña que deitarse para desconectar con todo. Iso si, Francisco Rosende tiña o sono profundo. E o costume de durmir no cuarto que daba á rúa. Se cadra por iso precisaba moito batifondo para se dar por alertado, e nin se decatou de

que aquel corpo foi bater a menos dunha cuarta desa porta interior que daba ó patio de luces. No portal do edificio "Maracaibo" pode lerse "Graduado Social, Consultorio Laboral, primeiro dereita"; e a actividade, con todo o que avanzaba no espacio, non lle ocupa case nunca o tempo dos sábados. Velaí polo que o señor Rosende tardou tanto en saír do sono, por máis que o presidente da comunidade premese no botón do timbre con apremante insistencia. Tódolos seus clientes sabían que o sábado non había despacho. E o graduado Rosende non chegou a caer na conta do que acontecía mentres Loureiro, o ferraxeiro, botaba andar para diante, seguido do presidente Taracido, que tamén lle invadía a casa, e que sen lle dar explicación intelixible, apartábao do medio case arreplexando nel, pasaba á oficina e abría a porta de aluminio que daba entrada ó patio.

Baixo a luz aínda escasa daquela mañá esnaquizada, os tres homes quedaron mudos. Taracido persignouse. Loureiro non puido evitar unha súpeta arcada e vomitou alí mesmo contra a parede de xeso e mais piolla. Rosende acabou de espertar axiña, botou as mans á cabeza e marchou a polos lentes, coma se precisase comprobar con eles o que acababa de ollar. Eran as oito e vinte e pensou que o sangue así, tan en quente, é do máis pegañento cando a súa mancha avanza buscando o sumidoiro, cando un anda en mocasíns de ante e pisa nel xusto un momento despois de andar no mellor do sono, a tan só cinco minutos de vir bater alí aquel farrapo de home esmagado.

4.-

Manuela descorreu a rella de aceiro que pechaba a entrada do Bar Bruxelas. Pasaban das oito e vinte. Respirou fondo. Cando á vila lle rebentaba o día, Manuela pasaba a fregona pola superficie do negocio familiar e tiña de certo que desde o momento en que aquel recendo a deterxencia medianamente floral se espallaba buscando a beirarrúa, o que máis e o que menos xa podía ir caendo na conta de que era hora de

saír da casa. O de poñerlle "Bar Bruxelas" ó seu negocio foi unha idea que se lle ocorreu ó Benedicto, o seu home, se cadra por facer un certo contraste co nome dun edificio tan langrán que figuraba ser dos máis desamañados da cidade. Debeulle quedar a cabeza descansada ó fachendoso que lle puxo Maracaibo a un inmoible coma este, pensaba o rexentador do Bruxelas.

Manuela encheu unha cunca de café con leite. Durante o día aínda había tomar unha boa media ducia delas, pero era esa primeira cunca a que decidía cal era o momento de comezar a xornada. Ata ben entradas as dez o seu Benedicto non era quen de facerse cargo do negocio. A el cadráballe pechar polas noites. E botar deica as tantas se algún seareiro non decidía marchar. Tamén era o que se encargaba do reconto da caixa pero, na mañanciña, abría Manuela; con moita disposición limpaba canto había e facíao con tempo para ter o chan ben enxuto cando aparecía o dos cruasáns a facer o reparto. Un día aquel rapaz estivera a piques de partir unha perna ó escorregar no líquido da fregada. Manuela peterreou no Benedicto ata que tiveron asinada unha póliza de seguros. Pero ademais, desde aquela, a muller non deixaba pasar a ningún ata que o aire a maila fregona evaporaban e absorbían todo líquido nesa superficie do Bar Bruxelas na que a ducia exacta de cadeiras que había agardaban invertidas sobre o borde das mesas.

–Cámbieme para a máquina –ordenou o mozo que acababa de entrar case sen dicir nin ola, cun engurrado billete de mil posto ó final do mostrador e cara de non ter ido á cama en toda a noite.

Manuela contou dez moedas de cen e deullas sen lle preguntar tan sequera se ía tomar algo. De sobra sabía que a meirande parte dos enviciados coas máquinas non consumían cousa ningunha. En realidade, limitábanse a cambiar, perder e saír escopeteados, case sempre maldicindo pola súa pouca sorte. Logo, a fin de mes, as moedas da máquina podían ser máis da metade dos ingresos do bar, e iso facíalle esquecer a Manuela a mágoa que lle daban tipos coma este. Ben que o levaba filado de telo visto outras veces por alí. Cambiaba, xogaba, perdía e, invariablemente, subía ó piso da súa nai a pedir cartos, o máis

seguro. Era un mozo ben parecido se non fose polo demacrado que se vía. E na idade de ir ó servizo, se non tivera todo o aspecto de ter librado por causa dalgún mal. E a nai, coa que tiña estado no bar algunhas veces, nin sequera o debía querer na casa. O fillo andaba ó seu. E a nai, cunhas trazas de bruxa que imponía respecto, tiña trasfegado en máis dunha ocasión tres copas de ponche dunha soa sentada e sen tempo nin para botar un rezo cativo entre cada unha.

O mozo botou a derradeira moeda. A máquina respostoulle cunha refolada dunha música chocalleira que parecía burlarse del. Volvera a perder. Pegoulle un punteirolo á máquina e, ó saír, case arrepuxou na porta de Elvira, a muller do presidente da comunidade do edificio que entraba moi alterada e case nin acertou a dicir:

–Unha tila, Manuela.

E Manuela tampouco preguntou. Abriu o vapor de cafeteira e calculou que antes de hora e media non viría o seu home a se facer cargo da barra.

5.–

Aurora Aguiño estivo a piques de chamar á policía. A verdade é que se aquilo non era un morto, ela non era para nada pitonisa. E ela tíñase por unha das adiviñas máis profesionais que había; tanto que xa ía deixar de anunciarse na prensa local por non precisar máis clientela. Pero Aurora axiña se decatou de que alí estaba Francisco, o do primeiro, e tamén o presidente da comunidade e seica ámbolos dous lle facían acenos de que baixase ás caladiñas. Ela asentiu. Cavilou que, de ser un suicida, ben podería ter agardado a finar algo máis tarde. De tódolos xeitos, non se lle figuraba quen raios en todo aquel edificio de cocainas podería ter a carraxe de se suicidar daquel xeito.

Aurora botou man da botella de ponche. Palpouna con agarimo e lapou a morro tres grolíños cumpridos. Logo achegouse ó espello. O

certo é que precisaría para se adecentar máis tempo do que lle leva a un xuíz mandae o erguemento dun fato de cadáveres. Ademáis podíalle máis a curiosidade que a coquetería de tentar poñer no seu sitio eses pelos descabardados e de lle dar unha certa cor as estragadas meixelas que se vían dunha imposible enfeitadura, xa sen galga ningunha nos seus esbagoados coarenta e oito.

Case as oito e media. Había un morto seis metros máis abaixo do seu segundo-esquerda e ela non chegara a ventar nin de lonxe ese acontecemento. Ou acaso non foi quen de interpretar as vibracións magnéticas que tivera había un días e que atribuíra a un percorrido astral non consumado.

Si, iso debeu ser, e compría deixarlle claro ós veciños que cando ela dixera que alí podía pasar algo, non se estaba referindo á falta do limpapés na escaleira ou á desaparición do candado na caixa dos contadores da luz, senón algo moito máis serio, algo coma o batacazo este que se producía en plena lúa crecente, un feito perfectamente predecible que xa anticipara aínda que sen concretar, unha traxedia que ben poidera ser un concumado asasinato, unha morte violenta que se vía vir a pouco que se nos fixásemos como chamaba ó sangue ese principiar de escorpio dominado polas tebras de Plutón, un medio planeta mortífero que sempre traía malas fadas coa súa influencia na aura dalgunha xente.

Aurora espallou pola boca un punto de aerosol para escorrentar ese alento bravío da bebida galeadora e madrugona. Podía ser certo iso de que a halitose era unha enfermidade inventada polos publicitarios, pero ela non se sentía segura ata que disimulaba o ponche cun par de sufladuras pola gorxa. E Aurora deu catro tusidelas, axustou a bata de falso satén rosa que penduraba na percha e xa pensaba chantarse fóra do piso sen mais adovío cando soou o telefoniño do portal.

–¿Si?

–Sou eu.

–¿Que queres?

–Subir a verte, mamá.

Xa estaba aí esa calamidade que tiña por fillo disposto a amargarlle o día. Cada unha tiña que pasar o seu sino na vida e o dela era servirle de amparo a aquel perdulario. Era mellor que non pasara, que non lle contaxiase a súa aura negativa, que non espallase pulgas polo piso, que nin chegase a saber o do tipo esmagado no patio. Xa dunha vez tentara o suicidio e, se ía acabar nel, mellor era non lle dar ideas. Por iso botou man dun par de billetes de cinco mil e decidida a desfacerse da presenza daquel fillo intruso, contestou:

–Agarda que xa saio eu.

E cun aire de resignación dispúxose a baixar ó portal. Aquel sábado prometía ser de moito latricar no edificio Maracaibo.

6.–

Dositeo Barros, o do oitavo-esquerda, foi despertado por unha media zafanada que lle mandou Peregrina, esa muller súa que seica ventaba algo. O home moumeou unha bocalanada e foise erguendo ás toutiñadas. Segueu un xuramento coma un trono. Eran as nove menos vintecinco e foi caíndo na conta de que a súa dona esixía que fose de contado a pescudar todo aquel rebumbio mañanceiro.

–Peregriniña, muller, tamén podes achegarte ti, que ninguén chamou por nós.

–Un home é un home; e se é carnicero aínda máis respecto e máis afeito a enfrontarse á vida.

Dositeo nunca entendeu ese orgullo esaxerado que a súa muller tiña del por esa sona que levaba de facer os bistés coma ningún. Total, se as outras facían cola na procura de coxas e xarretes era só porque o gando que el traía viña directamente da aldea e estaba mellor mantido có do súper. E iso era o que lles sabía contar ás seareiras: "Fíxense, miñas

donas, que esta tenreira que o Dositeo lles ofrece non vai soltar nin pingota de ouriños na tixola, e non resulta como esas solas plásticas e merdentas que, dispensando, pónenlle o asador cheo de mexo. E xa non digamos se van pandar por aí con algún resto das vacas tolas. Non, señoriñas, acó a única que se pon entolecida é a libreta, se alguén non quere pagar ó contado, ben o saben; pero, a vitela do meu Dositeo: Gloria in excelsis Deo.

Co pensamento posto nalgunha xovenca ben mantida, o señor Barros atou o cinto. Polo corredor viña xa o seu neto Alvarito, un rapazote de once anos que quedara esa noite con eles porque os seus pais tiñan que atender un posto de venda ambulante que poñían case tódolos sábados lonxe de alí.

Alvarito tiña o pixama posto e ía camiño da cociña. Non era a primeira vez que preguntaba:

–¿Podo ir contigo ó mercado?

–Non, xa che dixen que a carnicería non é para estaren os nenos nela.

–Pois aquí voume aburrir moito.

–Pois xogas co rapaz do cuarto.

–Ese só sabe xogar con ordenadores.

–Será por que ti non lle propós nada mellor.

–Xa lle falei do escondite, pero el di que neste edificio é imposible.

–Pois sair fóra aquí.

–Non me deixa a avóa, di que só podo sair se ves ti comigo.

–Eu non podo levarte e menos agora; e abrígate, neno, que vas coller frío.

De mala gana, Alvarito volveu á cama. Peregrina, sacaba nese momento a cabeza pola fiestra que daba ó patio, afogou un grito e volveuse cara ó seu home estarecida:

–¡Ai, Señor! Dositeo, ven mirar, que acabo de ver que abaixo hai un morto todo esmagado.

–Sempre che tiven vágados coas alturas, case prefiro baixar por ver o que pasa.

–Ten conta de todo que logo hasmo contar.

–E ti quéntalle o leite ó neno e ten o cafeciño aparelado que hei volver nun tris.

–Non sei como podes ter nimo de almorzar despois de ver un cadáver.

–¡Arrecarallo, e logo non che son carniceiro!

7.–

Herminia Cancelo, a do noveno-esquerda, xa saíra para ver os netos cando caiu na conta de que esquecera a tarxeta de pensionista. O que non ten cabeza ten pernas, pensou mentras desandaba o camiño da casa, achandando nese pelo medio albelo, desleixado, facendo renxer os ósos dunha perna que parecían mesmamente empenados, para volver a entrar no portal coa présa inmediata de andar xa moi xustiña para o tren das nove quince. O elevador aínda tardaba o seu, e foi o señor Taracido, o presidente da comunidade, o que apareceu empoleirado nas escaleiras. Baixo o arco da calva, ó veciño do terceiro víaselle unha cara demudada de non telas todas consigo:

–Agarde, siña Herminia; creo que temos que facer unha pequena xuntanza.

A señora Cancelo ventaba que só se acordaban dela polas comenencias e iso valía tanto para os veciños como para os propios netos que non estarían aínda tan botados a perder se non tiveran por nai a unha comenenciuda que só se lembraba dela para andarlle no peto, que aínda que a súa filla fose, non deixaba de ser un perfecta raspiñeira de canto carto lle ventaba nai.

Herminia quedouse vendo ó presidente e arregañou o fuciño moi afouta:

–As reunións da comunidade hai que anunciarlas por escrito, ben o sabe.

–Non se trata diso, élle moito máis grave.

O do primeiro-dereita e mais Aurora, a do segundo, apareceron nos últimos chanzos dándolle a razón ó presidente nun ton bastante choromicas. Herminia chamou polo elevador e prometeu voltar dalí a un

pouco. Acababa de lembrarse de que tamén había un tren ás dez e media. E mesmo outro que chegaba xusto á hora do xantar. Cando a unha lle renxen os ósos non é cousa de mirar a puntualidade. E seica así, pensaba mentras o elevador a trasportaba ata o noveno, unha señora que se prece sempre se debe facer de rogar e había tempo dabondo para un chocolatiño quente, mesmo para ir ver uns netos que tampouco se acordaban dela máis que por mor dalgunha outra comenencia.

8.-

Miguel Bugallo, o do sétimo esquerda, compartía o piso con Ricardo Pereira, un delineante proxectista que acababa de divorciarse e adoitaba traballar nese piso de aluguer sen deixar de piar pola súa ex nin un só día.

Bugallo levaba xa tempo facéndolle as beiras á Benilde, a enfermeira do piso de enfronte, unha morenaza de moito nabo que cobizaba enlear de calquer xeito.

Aquel era un dos seus escasos días libres. Porque Miguel Bugallo traballaba na radio como repoteiro, corresponsal, "pinchadiscos", e o que cadrase, é dicir, que en realidade lidaba o día enteiro e aínda que o seu era un contrato temporal a media xornada, Miguel acababa choiando arreo todos os días do calendario incluídas as festas de gardar. Se cadra ese era o prezo de ser un auténtico todo-terreo do micro. Polo menos iso é o que prefería pensar mentras miraba cara ó piso de enfronte e recordaba como principiara a falar coa veciña. Foi cando a folga aquela dos ATS que resultara tan impopular. En dúas ocasións, sacaralle á Benilde unhas notas en antena facendo unha chea de énfase nos comunicados. Nin que dicir ten que a rapaza quedoulle do máis agradecida. Despois tiña entrado algunhas veces no piso que ela tamén compartía e agora, mentras se poñía unhas pingotas de perfume de rexa

barileza debaixo das orellas, Miguel pensaba que a enfermeira tiña que encamar con el nesa mañá, seguro. Acababa de gravarlle unha cinta que ela lle pedira e ben podía imaxinar na súa excitación como ía sr a historia. Ela chegaría de andar a moela na quenda de noite do Hospital. Se ese día non estaba sóa no piso, seguro que a outra non tardaría moito en marchar. A Benilde non o ía deixar coa palabra na boca cando el lle dixese que xa lle tiña a gravación. Había de invitalo a pasar e tomar algo. Logo, sería el o que, con toda solicitude, lle diría que podía irse deitar para, coa mesma, ofrecerse a levarlle algún tentempé á cama. Sería daquela cando compriría entrar no cuarto, poñer esa música que con tanto agarimo gravara e principiar o ataque. Ela estaría ben afeitada. E de seguro que igual de cobizosa. Debe levar unha chea de homes, por certo; si, quen sabe que fileira terá pasado xa por ese piso, por esa cama súa, se cadra nin tan sequera dun en un, ás mesmas horas inusuais as que esa xente da sanidade nouturna adoita irse deitar. Non cabía dúbida que enlearse con el así, na mañanciña, íalle parecer unha sublime idea.

As nove menos dez. Debe estar ¿ chegar. Sube amodiño o elevador. Vai parar neste andar. E velaí a Benilde, sobrada de ardimento, botada a salaiar antes de tempo:

- ¡Aí abaixo hai un morto!
- ¡Téñoche a cassette gravada!
- ¡Vou polo fonendo!
- ¡Un morto... Vou pola cámara de fotos!
- ¡Gracias por facer a gravación!
- ¡Que raios é un fonendo?
- ¡Xa me darás o cassette outro día!

E mentras despertaba ó compañeiro de piso, comprobaba o carrete de color e baixaba de dous en dous os chanzos do edificio, Miguel Bugallo xa se ía resignando a deixar a deitadela para mellor ocasión.

9.-

Xerardo García nunca conseguía manter o sono máis al das sete. Se cadra ese costume víñalle xa do cuartel, ou de cando tiña que fichar na fábrica antes das oito cada día. Dezaseis anos na cadea de montaxe e logo doce máis na área de empaquetado. Moito turno rotatorio e moito madrugón levaba nas súas costas como para seguir deitado ata que o sol pegase na xanela. Pero foron eses trinta anos nos que a vida era o eterno sobresalto de chegar tarde a fichar, os que lle dan dereito a andar a moela todo o que lle pete. E agora, unha vez xubilado, o señor García pode durmir a sesta ata fartar e pasar despois algunhas noites en branco, escoitando esa radio de madrugada que acompaña máis ca un can e consume menos ca unha noiva, unha desas lerchas serodias ás que Xerardo aínda podía aspirar. Daquela, ben cediño, en canto abre as portas o club de xubilados, o propietario do sexto-dereita bota man do paraugas e achégase alí para tomar café con leite e ir lendo na prensa case ata a hora do xantar.

Cando abriu a porta do elevador o señor García non se estrañou de ver ó Dositeo, o do oitavo, o que si se lle figurou foi que o carnicero estaba a medio vestir e cun aire do máis avesío na súa cara de poucos amigos.

Sen lle dar nin os bos días, o Dositeo amarroulle un brazo coas súas mans de fender bistés:

–Vai ser mellor que non marche, señor García, veña comigo a ver que seica temos un morto.

O xubilado non oía gran cousa, pero iso do morto entendeuno moi ben.

–¿Que foi, algún atentado terrorista?

–Está no patio de luces, é todo o que lle sei –asegurou o carnicero encollendo de ombros.

Xerardo García non tiña confianza con ningunha na súa propia familia, e moito menos aínda coa xente do edificio. Aos fillos tiña trazado deixarlles o menos posible, para que se amolasen; ós veciños adoitaba negarlles mesmamente o saúdo, e aspiraba a sentirse igualmente ignorado por eles. Por iso nin el mesmo sabía ben que facía

agora con ese súbito interese, parado no primeiro e saudando ó señor Cándido, o da ferretería que tiña cara de sono e tamén parecía andar a pescudar o que pasaba alí.

–Bo día, señor Loureiro.

–Malo, un día do máis ruín.

–Seica hai un morto, ¿non si?

–Hai, e dun esmagado que dá noxo velo, unha traxedia.

–¿É coñecido?

–Polo presidente, seica si; e bo será que pasen a falar con el, ser á mellor que nos vaíamos xuntando.

10.–

Camilo Pombal non tería chegado ás nove menos cuarto se non fose pola loira aquela que mesmo andaba, coma quen di, á xaneira, e lle puxo o maxín coma unha moto con só botarlle o ollo. Escrito estaba que ían encamar e non tardaron nin tres horas en facelo. O trouqueleo foi no apartamento dela e non a tería deixado, coa marcha que ela aínda levaba a aquelas horas, se non fose porque cara ás once tiña unha entrega aínda lonxe, e aí si que cumprir era cousa sagrada. Nada menos que trescentos talegos tiña que recibir a cambio dunhas papelinhas e compría aparellar antes o material. Porque o certo era que Camilo Pombal xa levaba ben tempo de camello, e esa raia que se chuzara no nariz a iso das dúas da mañá mantíñao desperto; mesmo para ser quen de contentar á loira aquela e chegar destas horas ó ático no que vivía alugado, cun xornal na man que roubara nun bar e uns ollos avermellados e fuxidífos que ben poderían estar así polo efecto dalgún champú.

A verdade é que coa loira tampouco lle foi gran cousa. Entre tanto esnifamento e o deberer atoleirado que lle dera apenas cumpriu moi por debaixo do que del se esperaba. O que se dí precoz nas dúas primeiras, e a terceira foi só unha tentadela, un gatillazo que era unha absoluta vergonza. "Todo che está no coco" –dixéralle a fulana– "Se pensas, por

exemplo, nun cadáver, pódete xa cortar un chisco, coma un machote con correa e a duración é outra".

Para Camilo duración e satisfacción non tiñan por que ter relación ningunha. E posto a buscar recursos mortuorios, non topaba cadáveres dos que facer memoria. O máis próximo era unha tía-avó a súa e foi máis ben para rir de tanto requilorio como se viu no soterramento. Así que púxose do máis cernello coa tipa, coma un borde que se di: "Oes, que de polvos de deseño, nada; que o que pasa, que estades moi afeitadas a ver vídeos porno con moita foguetada e a queimar calorías co aerobio ata caer de cu e logo pensades que todo o monte é orgasmo, así que se non quedas ben satisfeita da deitadela, pódote ofrecer un par de anfetamidas de alucinar, tía".

De seguir con ela, seguro que tamén lle acabaría ofrecendo un par de labazadas, que hainas por aí que son de mediño en canto perden a vergonza; así que sentíndose aldraxado na súa virilidade, xa pasadas as oito, voltou moi farruco cara á gorida que tiña no edificio Maracaibo, para botar man da mercancía. Parecía mentira ós seus case trinta anos, en plena liberdade condicional, agora que por fin deixara de ser un pringado, e aínda coa angustia desa maldita exaculación precoz amolándolle a vida, facéndolle sentirse coma un paporroibo diante desas lebres chuchonas que mesmo nin tiñan a vergonza de calalo.

—¿Vostede é o do noveno?

Camilo asentiu de pésima gana. Lembrou que debía dous meses de aluguer. Púxose á defensiva. Aquel home tiña toda a pinta de ser un veciño e eses son, ás veces, moito peores cós mesmos policías.

—¿Non irá marchar? —quixo saber unha veciña coa que nunca cruzara nin palabra.

—Só baixei polo xornal —mentiu Camilo cun aire destemido—, pero teño que volver a saír daqui a pouco.

—E que acaba de pasar unha desgracia, se fixese o favor de agardar.

—¿Que desgracia?

—No patio hai un cadáver, un home esmagado. Veña mirar se quere.

¿Un morto? Camilo Pombal pensou no seu problema. E ventou que, se a loira andaba no certo, igual xa non tería que facer tanto esforzo coa imaxinación na seguinte deitadela.

Quen lle ía dicir que un simple cadáver ben recordado podería ser tan retardante, un difunto que un saca da memoria no medio da fodenda e velaí o santo remedio para dar a medida na cama, o rendimento cumprido que se espera dun galeador de xeito.

11.-

-Así que o morto era o que ía dar a pintura -laiouse o graduado social mentras botaba man dunhas banquetas para ir acomodando na xente.

Estaban na sala de reunións da asesoría laboral-contable-fiscal. E pasara un bo cuarto de hora desque Ricardo Taracido se derrubara nunha cadeira de brazos. Pouco a pouco, o presidente da comunidade do edificio "Maracaibo", entre saloucos e gurrumiñadas, foi contando como, por aforrar os cartos dos escasos fondos e non ter que subir a cota mensual, foi bater con aquel pobre home e un día, nunha taberna, acordaron que pintarían todo o patio. O home aquel comprometérase; aproveitando que aínda estaba no paro, dixeran que o choio quedaba xa pola súa conta. Seguramente, precisaba cartos e como non estaba de chuvia, decidiuse a vir aquela mesma mañá sen saber que, antes de comenazar, ía topar a morte.

-O realmente malo do asunto é que estaba no paro -suspirou Francisco Rosende ó asentarse ben os lentes para facer números nervosamente nun papel.

Dositeo, o carnicero, que xa daba boquexadas na súa cadeira decidiu voltar para o seu piso. O del non era o sangue. Se cadra a carne si, fendida neses bistés que eran *gloria in excelsis Deo*. Pero en caso de morte el só sabía dar o pésame, atinando ben coa pá do afectado para deixar caer un par de sentidas palmetadas, mais alí non había familiar

ningún para acompañar no sentimento e o sábado era día de fender moitos bistés. Colleu o camiño da porta:

–Contade comigo en todo no que poida axudar.

–Sobre todo, nin palabra a ninguén e, antes de marchar, pase que xa lle informaremos –dixo o presidente.

–Este home estaría sen asegurar –volveuse a queixar Rosende.

Taracido confirmou a sospeita do graduado social. O morto non estaba cuberto por seguro ningún. Esa mañá esperaba recibir un pequeno anticipo para materiais, uns cartos que o presidente quedara de darlle e que o pobre nunca chegaría a cobrar. Houbo de seguido un terrible silencio no que só se escoitou ó propio presidente rabuñando na calva. Tódolos presentes cavilaban o seu. De feito ningún reparou en Aurora, a pitonisa, que esculcaba na piolla do patio e quixo pescudar a moi papon:

–Por certo, ¿que cor pensaban darlle?

12.–

Hipólito e Milucha sempre andaban un ó rabo do outro. E os nenos a carón dos dous con vocación de batifundio, coa afouta terquedad dos que están convencidos de que a familia é sempre o primeiro.

Hipólito Mariño é subaxente de seguros. Antes de nada, el sabe que debe seguir as instrucións da súa compañía. Por iso non hai día que non comence facendo unas táboas de ximnasia sueca que tanto contribuen a estimular a liña ascendente do biorritmo e a ese estado mental de aireación, autoconfianza e optimismo que son a base física e mental para un perfecto vendedor. Logo, en días como o de hoxe, Hipólito leva á familia de excursión e aproveita iso de ir aldea para ver se lle caen unhas boas pólizas enleando ós paisanos de puro xirifeiro, contando o que lle fixeron aprender nun cursiño teórico-práctico coma se fose o mesmísimo catecismo de antes, relatando parábolas que rematan en ameazadores sinistros ata que acaba por asinar algún pagano

cheo de pánico que non ten nada mellor que facer. Case pode dicirse que é como practicar un deporte. Ademais, a excursión non sae moi fóra de prezo se a familia se alimenta con embutido de oferta, pan de bola, unhas latas e a bebida esa que se amaña a base de refresco tamaño xigante en oferta promocional.

–Papá, ¿pódesme acender o ordenador?

O fillo máis vello, ese Iván que con só once anos pode pasar o día enteiro diante da pantalla, enredado nalgunha xogueta solitaria e cunha cara de pasmón que ó seu pai dalle mal que pensar.

–Nin falar diso, Iván, en dez minutos saímos para a aldea.

–Eu non quero ir.

–Pois amólaste e vas.

As técnicas de persuasión estaban ben para os clientes, pero na casa Hipólito ben sabía que compría non perder o tempo en razoar; os cativos, a obedecer, e dereitiños coma lipes, non fóra a ser que a algún pavero lle voaran os morros.

O que fixo o descubrimento foi o neno máis novo. As nove da mañá, aquel fedello xa andaba esnaquizando pinzas da roupa que ía arrincando do mesmo tendedeiro. Foi o que informou á nai con voz moi baixiña.

–Mamá, aí abaixo hai un que caiu.

Milucha achegouse a botar man das toallas que se estaban encortizando penduradas nos cordeis do tendedeiro. Puxo cara de arrepío.

–Non mires, filliño, e avisa a papá correndo.

O subaxente Mariño principiaba a fartarse da ximnasia sueca. Polo súor que lle baixaba pola fronte, decatouse de que xa acadara o punto de inflexión do biorritmo, os seus poros estaban eliminando moreas de colesterol e iso produciulle un óptimo grao de autoconfianza. Así que botou man dunha toalla e apareceu axiña. Desde o seu cuarto-dereita, o subaxente fíxose oír no patio ó chamar polo señor Rosende que estaba acolá abaixo:

–¿Quere que mande vir unha ambulancia?

–Non se poña a ornear e baixe caladiño.

Hipólito Mariño baixou moi aquelado. Se soubese rezar, algo lle pregaría ó ceo das pólizas, en papel de contrato e con letra moi pequena para que, no caso de ter algún seguro de vida, aquel cadáver esmagado no patio non fose dos que el levaba fichados para a compañía coa que traballaba.

13.–

Paula Menduíña estaba convencida de que o seu problema era esa timidez de sempre que facía que os seus mellores proxectos non fosen nunca adiante. E dun tempo a esta parte, Miguel Bugallo estaba entre os seus proxectos. Pensaba nel, sabíalle os andares, procuraba oílo na radio e quedaba coma parva cada vez que a voz do Miguel saía polo transistor por feble e descorido que soase o seu falar, por estúpida que fose a información local coa que el esbardallase en antena.

Un ano enteiro levaba Paula compartindo o séptimo dereita coa Benilde, e case tanto tentando que Miguel lle fixese o caso suficiente como para que aquilo fose algo máis que a camaradería dos que coinciden no mesmo andar e acaban por chamarse polo nome, axudar a quitar do elevador as bolsas do súper, ou acudir á porta de enfronte a por dúas culleiradas de azucre calquer día de apuro. Enfermeira como a súa amiga, aquela mañá Paula despertou extrañada de que a Benilde viñese a por un fonendo coma levada do demo e acabase por sair escopetada, sen dar explicación ningunha. Mesmo quixo seguila cando xa a outra baixara sen conseguir mais que a reprobación dunha parella de túzaros que, con toda a inoportunidade, baixaban do oitavo:

–Vístase, muller, vístase que non se pode saír da casa tan encoiro – esixiu el, que malia andar moi axitado, quedouse vendo para ela con moita picardía.

–Iso, non se luza espida no medio da xente, e menos se hai difuntos que respetar –remachou a muller do anterior á que a aludida coñecía co mote de "a carniceira".

Paula Menduñña apalpouse toda. Sobre do camisón aínda levaba unha camiseta estampada pero seguramente eles ventaran algunha transparencia polas pernas que lles parecían fóra de lugar. Quixo preguntar que era aquilo do morto, pero sentíndose furiosa e avermellada á vez, volveu dentro do piso. Estaba a piques de escoller algo de roupa cando soou o timbre.

Ricardo Pereira non tería chamado ó piso de enfrente se soubese que estaba a Paula sóa nel. E ademáis a medio vestir. Cando, había uns minutos, viñera o Miguel a pola cámara de fotos, el xuraría que algo lle dixo de que ía á casa da Benilde, pero a Benilde non estaba alí e, no seu lugar unha Pauliña con cara de durmir pouco tremía baixo dunha camiseta estampada. Ela tampouco esperaba que fose o divorciado que vivía co Miguel, ese que non facía outra cousa que recordar á súa ex-muller. E se despois de mirar polo visor, se decidiu a abrir a porta foi porque, en boa lóxica, tras do veciño delineante, ó mellor podía acudir o home da radio. Pero non, Ricardo Pereira preguntaba tamén polo Miguel, e vendoa así, acabou ofrecéndolle un cafeciño na súa casa.

A piques estivo Paula de dicir que non, que mellor outro día calquera; a timidez unha vez máis acougando na gorxa, pero pensou que Miguel Bugallo podería aparecer polo outro piso en calquera momento e, non sin certo rubor, decidiuse por unha longa chaqueta de punto baixo da que case non quedaba camisón ningún. Procurando que non pasasen veciños nese momento, cruzou os seis metros que separaban unha porta da outra para entrar no piso de enfrente. Eran as nove e dez do primeiro día do resto da súa vida. E Paula Menduñña decidira que calquer momento era bo para erradicar a súa timidez para sempre.

14.-

Felisa Pintos sabía que a iso das nove e cuarto non era moi probable que lle aparecese por alí siareiro ningún. Había algún estraño, con teimas de mimelo ou gustos dos que mellor nin falar, pero sempre lles daba a cobiza ben entrada a tardiña e, como moito, ata as primeiras

horas da madrugada. De certo, antes das dez da mañá nin o repartidor do butano tiña chamado naquela casa.

O que mellor lle parecía a Felisa do edificio *Maracaibo* era que cada un andaba ó seu. Sabían que era viuva ou, se cadra, separada en trámites de divorcio, que tiña un gato persa moi amigo de mirar pola fiestra, que gastaba roupa e coiros do mellorciño e, ó longo dos últimos catro anos, ninguén preguntou por que, discretamente, ían subindo ó terceiro-dereita aquela tropa de homes fuxidíos. En realidade, se algún ventou que na dela había fochicada a diario, a ninguén se lle deu por querer chimpala da casa. Ben certo é que Felisa resultaba un modelo de educación e xeito con todos os veciños. Seria e comedida, repartía saúdos e agarimos ós nenos cun sorriso de dama da Cruz Vermella en plena mesa petitoria e unha voz moi distinta a que adoitaba solfear cando se poñía a darlles marcha a eses leiláns de fala destemida que marcaban o seu número polas tardes.

–¿Diga?

–¿Es ti a gatiña xoguetona especialista en tailandés?

–Podería ser.

–Pois chamo por iso mesmo.

E a partires de aí todas esas pailanas dos teléfonos eróticos e máilas pimpinas do telemarketing parecerían unhas aprendizas diante das mañas bocalaneiras que se daba a Felisa cando se poñía á faena. Nuns currucucús de humidades saloucadas e veludos infindos, de mollos e proídos galloupantes, de gorxa prometedora e inmediata, facía que os clientes que aínda non coñecían o seu enderezo no edificio *Maracaibo*, suplicasen por el como quen suspira por unha litrona no deserto. Claro que, esta vez, non chamaba ningún deles. Na porta estaba Adelina, veciña e coñecida, muller de Nemesio, o ferreiteiro, que miraba para ela coma tras dunha máscara de incuria e obrigada abstinencia, que lle daba ó badalo coma quen bocexa e, a moi pasmona, non entendía nada do que estaba a pasar.

–Moi boas, Felisa; mire, a ver se pode vir onda nós que seica temos un asunto grave.

–¿Grave?

–Si, e mellor será que llo explique o presidente da comunidade, el e outros veciños baixaron ata o primeiro por algo que caiu no patio de luces.

Felisa asegurou que saía de contado. Só tiña que deixar posto o contestador automático. E pensou que iso era no fondo a vida mesma, conectar un automático mentras lle pedían un tailandés requecido ou calquer outro servicio atordado e prestadío, sorrir ós veciños e atendelos coma se fosen cadelos faltos de agarimo ou criaturas preocupadas por algún xoguete. E mentras ía baixando calculou que un edificio onde a xente consideraba grave que o patio de luces se enchese de pequenas pezas de roupa, pinzas e outros refugallos, non pagaba moito a pena que ela vivise nel, mesmo que o edificio tivese por nome *Maracaibo*, aínda que fose para exercer, ás agachadas, ese oficio do que sempre se di que vén sendo o máis vello do mundo.

15.–

Teodoro Valiñas descorreu de moi mala gana a pechadura do quinto-dereita. Tiña aínda posta a parte de enriba do pixama e os sinais das sabas tan recentes debuxábanlle na sén a pegada dun sono testalán. A iso das nove e vinte nin sequera estaba para recoñecer a Dositeo, o carnicero do oitavo, e tardou o seu en decidirse a sacar a cadea de aceiro que apenas deixaba media cuarta de apertura naquela porta blindada.

–Don Teodoro –saudou o veciño–, prégalle o presidente que se pode vir a unha reunión moi urxente, que precisamos do seu consello.

O señor Valiñas xa levaba sete trienios de funcionario municipal. E a súa autoridade facíase escoitar polos corredores do consistorio tanto coma na casa. Foi por iso, se cadra, polo que a muller que tiña fuxiu del

un día levando o seu único fillo. Marcharon pola anoitecida sen dicir nin palabra, e desque pasou iso, o funcionario Valiñas vivía só no piso, nese quinto-dereita no que soamente tiña entrada algunha asistenta con informes, desas que lle viñan das axencias e que el cambiaba a cada duas por tres sen que as malas línguas deixaran por iso de atribuirlle outras funcións máis íntimas ás implicadas no abondoso trafego doméstico do funcionario Valiñas.

–Verá –insistiu o carniceiro con certo respecto– é que acaba de ocorrer unha morte no edificio– e como vira que o do consistorio engurraba a fronte, Dositeo engadiu–: Como vostede ben sabe, non hai nada que non se poida arranxar dunha maneira seria e responsable, cunha decisión axeitada, así que faga o favor, ho.

Teodoro Valiñas pensou que, no fondo, a sociedade só toma corpo dun xeito pacífico porque existen uns poucos capaces de dominala, pero soamente se mantén e bota a andar prolongando iso que chaman convivencia porque, ó final, sempre hai xente que acaba por identificar a eses poucos. Daquela, mesmo un impresentable coma o presidente da comunidade, tiña que ter un punto de lóxica e método como para acordarse dunha persoa de peso coma el, algún que podería aconsellalo mellor que ninguén en momentos difíciles. Mesmo non entendeu como non se chegara a lembrar antes, e como non se decidía a vir el persoalmente a lle pedir colaboración. Debía ser porque non tiña cara para atreverse el mesmo, mais estaba recoñecendo que ninguén mellor ca don Teodoro en todo o edificio para poder tomar decisións cando compría. Era o máis lóxico. E sen pararse a entrar en detalles con un simple emisario, prometeu ir de contado e pechou a porta para volver á cociña onde aquela mandurriana que se deixara caer por alí na noite pasada, andaba dando cabo dunha caixa de galletas surtidas.

–Eu aproveito e voume –dixo a muller apurando unha inmensa cunca de café con leite.

–Ti, campeona, non te moves aquí –esixiu o funcionario Valiñas. E para asegurarse, retirou da porta un xogo de chaves completo.

16.–

–Pero non quedamos na última asemblea xeral en que facía falta unha boa man de pintura? –preguntou a piques de se alporizar o presidente Taracido.

–Si, pero non para dála un home só –criticou Xerardo García, o do sexto dereita.

–E sen asegurar como Deus manda –insistiu a señora Canelo, a do noveno.

–Parado ademais, e dos de longa duración, case seguro –sospeitou o graduado Francisco.

–E segurísimo que con muller e mais fillos, é dicir, orfos os pobriños –calculou Peregrina, a muller do carnicero.

–É o sino de cada un –choromicou Virucha, a dona do presidente.

–Había poucos cartos, compría abaratar –xustificou o propio Taracido.

–Os cadáveres sempre veñen resultando carísimos –asegurou Miguel Bugallo que xa se despedira non sen antes facer xuramento solemne que, por el, a radio non ía dicir nunca nin palabra do que acontecera alí.

–Todos somos responsables e, se lles parece, eu dimito agora mesmo como presidente.

–¡O caralliño! –descarouse Aurora, a pitonisa– vostede é o maior culpable nesta desgracia, pero algo me dí que podemos pagalo todos.

–A póliza da comunidade está ben clara –dictaminou Hipólito Mariño– a responsabilidade civil do edificio chamado "Maracaibo" só inclúe o portal e maila fachada.

–Se lles parece, conviña avisar ó xuíz de garda, polo do levantamento –suxeriu Teodoro Valiñas.

–Que lle dean polo saco ó xuíz, a tódolos xuices –atallou Camilo Pombal, que recordou a súa liberdade condicional.

–Tampouco temos asegurada á señora da limpeza –explicou o presidente tentando despistar.

–Pero ela non finou en accidente laboral –sentenciou Francisco e engadiu–: A cousa ponse moi amolada a menos que...

Os veciños volvéronse ó graduado social. Rosende asentou ben os lentes e repasou un papeis cheos de cifras. Todos se dispuxeron a escoitalo.

17.–

–Que se che esquece este micrófono, rapaza –chamou Adelina cando xa Benilde saía cara ó elevador.

–Non é un micrófono, é un fonendo; e moitas gracias –sorriu a enfermeira.

–¿Pódoche pedir un favor? –decidiu a muller do ferreiro non sen certo apuro na súa voz.

–Vostede dirá.

–É que teño que poñer una inxección para os nervios. A ampolla está na casa e tam, n a agulla e a xiringa; vivo no segundo-dereita e, se ma quixeses poñer, xa non tería que ir ó dispensario a facer cola. Será só un momento.

–Non faltaba máis –apurou a Benilde invitándoa a entrar no elevador que chegaba nese mesmo intre.

–Un que xa deixou de sufrir –comentou Adelina ó entrar na casa, en clara referencia ó morto do patio.

A enfermeira asentiu. Ademáis do cansancio que a noite de garda lle deixara na cara, tiña un aire atristado que Adelina creeu percibir.

–A ti pásache algo rapaza.

–¿Por que mo di?

–Se me segues chamando de vostede, seguramente por nada, eu son Adelina e xa sei que aparento máis idade da que teño, pero así me trata esta vida.

–Daquela, ¿por que mo dis, Adelina?

–¿Queres tomar algo quente, café con leite ou chocolate?

–Agora non, gracias.

–Verás, estiven observando como vía para ti o rapaz ese da cámara de fotos, o que vive no piso enfronte do teu, e tamén como parecías fuxir del. Ai, perdón, estoume a meter no que non debo.

–Non, si é certo, fuxín del, non me gusta nada ese tipo da radio, que vaia a gastar o carrete de fotos por aí e que non me tome a min de modelo de nada. En realidade, agradézolle que me trouxera á súa casa con isto da inxección porque pasei a noite de garda e non teño o corpo como para soportar que ese tío me conte como gravou a cassette esta que levo aquí no peto.

–¿Seguro que non queres un cafeciño?

–Non.

–Xa, ó principio eu pensei que estabas impresionada coma todo o mundo polo cadáver, pero logo caín na conta de que non, que alguén que coma ti traballa na sanidade está afeitada a ver mortos tódolos días, así que coido que ti estás a sufrir por alguén. Eu non che son pastequera como Aurora, a da porta da esquerda que vai polo mundo de astróloga, pero creo saber que quen ti queres aínda non se fixou en ti.

Benilde sorriu. Estaban na cociña e a enfermeira remenxía a ampolla luz da ventá. Cambiou de conversa cando se puxo a ler a composición do medicamento.

–¿Hai moito que te tratan con isto, Adelina?

–Demasiado.

E a muller do ferreiro tentou un imposible sorriso mentras Benilde colocaba a agulla e principou a encher a xiringa.

–¿E vaiche ben?

–Supoño que, igual que coa menopausia, nunca se afai unha a algo así.

–Pero isto non é para trastornos da menopausia.

–É para os nervios, dun tempo a esta parte estou que non podo con eles.

–Os nervios tampouco se tratan así.

–Ó mellor queres un té, teño un averdellado nunha caixa de lata que vale a pena probar?

Benilde negou. Acabara de aspirar o líquido e puxo a agulla vertical para lle sacar o aire. Cun áxil golpe de uña a última borbolla saíu fóra. Adelina mirabaa facer en silencio. Inclínouse sobre unha mesa. Baixou levemente a saia e subiu unha faixa. Quedaba ó descuberto unha carne rosa e malva na que Benilde inxectou o contido da ampolla. Sen unha queixa, a muller do ferreiroi volveu asentarse a roupa. Tiña bágoas non ollos. Suspirou:

–Ese polo menos xa deixou de sufrir.

–Adelina, a ti tampouco che impresionou gran cousa o morto de aí abaixo.

–¿O morto? Rapaza, eu vexo un morto tódolos días, ou por que crés que ando cos nervios desfeitos e teñen que inxectarme velenos coma ese. Ti daste conta do que é ter un marido impotente, miralo cada día e saber que non ten nada que ver co que é un home ¡Que te vas dar conta! Case dez anos e xa non vai ter cura; iso si que é estar morto, morto en vida.

Parecía que ía a chorar pero respirou fondo e deu unha palmetada na parede con tal forza que fixo tremer un par de cadros.

–Sen iso tampouco acaba a vida.

–Acaba, filliña, xa te dará conta.

–Para todo hai solucións.

–Se te refires a outros homes, chegada a esta idade eu non me vexo niso.

–Sen iso tamén hai outras cousas na vida.

–¿Outras? Dime unha.

Benilde aínda tiña nas mans o algodón e a xiringa baldeira. Buscaba unha bolsa onde guidalos. Procuraba tamén unha resposta. Topou o cubo do lixo. Decidiu:

–Adelina, acepto ese café, que sexa no bar de abaixo e agora mesmo.

18.–

Teruca Lamoso era talluda, zamurga e muller de garda civil. Ás nove e media dadas estaba a piques de saber se a súa carta saíra gañadora nun concurso radiofónico no que sorteaban unha viaxe a unha illa do Caribe. Había para escoller entre Cuba, Santo Domingo, Illa Margarita ou Cancún. E non lle custou moito decidirse. En Cuba había fame según contaban na radio. Santo Domingo soaba a mosteiro. Cancún debía ser como "marcha can" pero en indio. Definitivamente quedáballe Illa Margarita como o mellor sitio para botar alí oito días. E pensaba nunha praia caribeña cando timbraron na porta do seu quinto-esquerda. Como tódolas precaucións lle parecían poucas, fixouse moito na miriña antes de abrir. Era Elvirucha, a muller do presidente. E Teruca abriu con moi pouca gana, convencida de que veciña de dous pisos máis abaixo nada se lle perdía por alí. Os tres nenos que brincaban á rente súa quedáronse a ver a visita coa terca curiosidade dos cativos máis insolentes. Case sen dar os bos días, a veciña principiou non sin certos ardeos:

–Verá, Teruca, ¿o piso denriba do seu segue a estar baleiro?

–Baleiro, non; simplemente non vive ninguén nel.

–Iso. Pois mire, preguntollo porque o meu marido precisa convocar unha reunión esta mesma mañá cos veciños do edificio e cumpriría que todo o mundo poidese estar presente.

Teruca renunciou a escoitar a radio. Se tiña que ir ó Caribe xa acabarían avisándoa. Dun sopapo amaiou a un dos nenos máis fedellantes e non dubidou en lle espetar moi resolta:

–Xa ben ve, con estas criaturas non lle estou para ir a parte ningunha.

–E que non sei se se decataría, pero haille un asunto serio que conviña falar entre todos.

–Se se refire ó morto daí abaixo, que Deus lle perdoe, pero xa hai ben tempo que terían que facer algo.

Elvira perdeu a cor. Sabendo precisamente que a Teruca, a do quinto esquerda, era muller dun garda civil, sentíuse na obriga de advertir:

–Mire, ese home era un pintor, e estaba sen asegurar, en realidade era un parado pero o meu home contratouno de palabra para lle dar unha man de pintura ó exterior; aínda non principiara e xa vé o que son as desgracias, agora vainos tocar pagar o morto.

Teruca Lamoso arregañou os dentes. Subíraselle algún sangue acedo á cabeza e sentiu que compría aclarar as cousas. Deixou ós nenos máis cativos ó cargo do maior, coa ameaza de lle voar os morros se algo ía mal e, convencida que nada lle viría mellor que unha semana no Caribe, baixou moi asañada as escaleiras, facéndose oír en cada un dos andares, cun aire alporizado, arrabaldeiro:

–¡Pobre de quen! E enténdame ben, señora do presidente–: Terían que matarme a min, a min e a todos estes cativos, antes de ter que pagar eu un morto!

19.–

Fernando Míguez tardou tanto en descorrer a pechadura que Miguel Bugallo xa se dispoñía a informar ós responsables da comunidade de que naquel silencioso cuarto-esquerda non había ninguén. Por fin, o ocupante do piso entreabriu a porta e tentou un sorriso. No medio daquela zurrumalla de veciños ós que prefería ignorar, o Bugallo era un dos poucos que non lle caía rematadamente mal.

–¿Que pasa, Miguel?

–¿Aínda non sabes o que pasou?

–¿Onde...o que?

–Non, non o sabes.

Fernando Míguez tiña barba de días, gastaba coleta e non moito xabón; andaría polos trinta e poucos. E desde antes dos vinte era un

perfecto sedentario. Se o sacaban do vídeo e o *software* informático de última xeración, non sabería dar pé con bola en cousa ningunha. Iso, polo menos, era o que lle botaba na cara esa noiva maiñina que onte á noite tivera que acubillar no seu cuarto esquerda, máis que nada por non ter que sair a acompañala á hora que era, cun aire de enfastío antigo e canso, coma se lle cadrara facer de pandote.

–¿Viche algunha vez un cadáver?

–¿Un morto, queres dicir?

–Si.

–¿E a que ven iso?

–Non, xuraría que non o viche.

–¿Estás de coña?

–Mira, tío, hai un fíame aí abaixo.

–¿Queres dicir que morreu alguén?

–Como o oes, Gustaviño, neste patio do edificio, e está máis esmagado que o bagazo quente.

–¡Foder! ¿E ti que pintas niso, cunha cámara de fotos na man?

–Eu só viña a ver se me invitabas a café a menos que teñas compañía.

–¿Queres dicir agora, na casa?

–Claro que a tes; alá vos, e tampouco fai falta que ma presentes.

–Pero, ¿que raios queres?

–Que di o presidente que cumpre acudir a unha reunión informativa.

–¿Que presidente?

–O da comunidade de edificio, non vai ser Bill Clinton.

–Eu son alugado, que chamen polo dono.

–Eu tamén estou de aluguer, pero seica este cadáver non vai esperar polos propietarios.

Roberto Fidalgo decidira deixar a bebida alomenos unha ducia de veces. De certo xa non entraba nos bares, nin na sección de bebidas alcólicas dos supermercados, e mesmo rexeitaba tomar nin unha mala pinga de cervexa cando os poucos amigos que lle quedaban insistían en convidalo. Na casa tampouco tiña nin pingota de alcól. Pero cando xa non resistía máis, subía ó faiado, ó trasteiro ese que lle correspondía e alí pechado, sucumbía ó vicio tirando dun inmenso garrafón de augardente de herbas que xa ía case de remate.

Esa noite, o veciño do oitavo-dereita pasouna case toda cobizando un grolo de morapio, ou xenebra, ou caña, ou o que fose, debencenbo por asulagar unha sede que lle escorrentaba calquer sono. E foi xa pasadas as nove e cuarto da mañá cando non puido máis e saíu a matar ese bicho secreto que tanto lle acarunchaba a gorxa.

–Bo día –díxolle mecanicamente ó señor Barros, o veciño de enfronte.

–Non somos nada e non sabe un onde a ten –contestoulle o Dositeo que saía do elevador.

Roberto Fidalgo parouse. Por un intre figurouselle que a vista lle acababa de xogar unha mala pasada. Disque a mesma sede chega a producir alucinacións. Despois decidiu que non, que aquilo que o carniceiro levaba na man era, de certo, un machado, un enorme dos de partir toradas enteiras de leña que Dositeo Barros metía na casa cunha disposición medio asasina, sen lle preguntar sequera se el ía aproveitar o elevador para baixar.

O veciño do oitavo dereita só pensaba en subir. Ascendeu camiñando os dous andares que o separaban daqueles faiados numerados que ocupaban a metade do teito da casa. Abriu unha porta case a cegas e baixou a cabeza para entrar no seu. Non acendeu a luz. Unha tella transparente facía de claraboia e ben puido ver o garrafón que estaba agardando. Debecía por el. Achegou a porta.

Non levaría nin un par de grolos cando escoitou unhas voces e, supetamente, un fortes golpes que semellaban machadazos e que viñan

do lado da terraza. Roberto non se moveu. Permaneceu no chan, chiscando a lingua aínda balorenta nese padal zostregado e revivido, sentindo o quecer da aguardente desenfeluxando veas, subindo a esa cabeza que case nin preguntaba que demos estaba a pasar naquel edificio que tiña nome de viño negro e dulzón.

Ó pouco, aquela xente rematou co seu rebumbiar de ferramentas e Roberto Fidalgo puido dinstinguir s súas voces máis á beira:

–O malo é que o tipo non vai ter antecedentes –comentou o que parecía se-lo presidente da comunidade.

–Tódolos días quedan centos de roubos sen desenlear –respostoulle outra voz que parecía a de Rosende, o da consultoría do primeiro.

–¿E que ten que ver iso? –preguntou unha muller de voz igualmente coñecida.

–Arredemo, ¡parécenlle poucos antecedentes! –concluiu o graduado social.

21.–

Miguel Bugallo rebobinou o carrete da c mara. Algo fallara na batería que alimentaba o *flash* e tivera que facer as fotos con luz natural. Unha pena porque non se topa un morto tódolos días nesas circunstancias. Pero tampouco é normal que os veciños aproveiten o momento para queixarse do volume da música poñendoo a feder diante do presidente da comunidade. Unhas malas lurpias, iso é o que son. E a única que lle interesaba, aproveitou o barullo de veciños para fuxir de alí. El ben que quixo retela. "Agarda, Benilde, que logo tomamos un café"; mais a enfermeira fóiselle mentras el atendía a un par de maruxas neuróticas que nin sabía como se chamaban e que só lle facían saber que ou deixaba de poñer a música con aquel volume ou pensaban tomar as súas medidas, e niso das medidas abrían ben a boca como lle foran trabar a gorxa cos seus dentes de bestas sen cabeceira. Logo, por indicación do presidente, fora chamar polo mamón do cuarto-esquerda e

agora viña cara a el Camilo Pombal, o do último piso, fuxindo coma quen di do vendedor de seguros do cuarto-dereita que xa lle tiña diante dos fuciños o borrador dunha póliza do ramo de vida.

–Perdoa, Miguel, xa vou agora mesmo.

O aludido compuxo un aceno de impaciencia, coma se efectivamente tivese quedado co Camilo e estivese agardando. Hipólito Mariño afrouxou a presa. Tiña un bolígrafo na man e limitouse a sulñar unha cifra que o posible asegurado debía ter en conta.

–Comprenderá que así, en pleno portal, no é como para tomar decisións –concluiu Camilo Pombal mirando ó periodista cuns ollos que querían mostrar o agradecemento que compría por esa complicidade.

–¿Como vai o teu? –preguntou Miguel Bugallo cun fío de voz, cando xa o home dos seguros vovera a entrar no despacho do primeiro.

–Teño que presentareme á policía cada quince días e acabo de facerme autónomo; xa sabes, licencia fiscal como autoventa.

–¿Que vendes?

–Bisutería, artesanía oriental, artigos de agasallo...

–...¿E a coca?

–Iso está esquecido, totalmente.

–¿De verdade?

–Xúrocho.

–Mellor se é así, non quixera verte en perigo.

–Estar parado, iso sí que , perigoso.

Miguel Bugallo move as cellas con incredulidade. Recorda que cando el principiara de cronista, a primeira vez que pisou Audiencia foi para ver un xuizo no que estaban implicados Camilo e dous máis. Un atraco. O tribunal aplicáralles a eximente incompleta por drogadicción. E o home da radio pensa que si é ben certo que diso tamén se sae, algo lle din os ollos de Camilo dunha dose recente, e ese aspirar nervioso do aire polo nariz, tan asubiante, tan característico dos que esnifan, falan dun consumo aínda en tempo presente. Quizáis cumpre decirlle algo, mais alguén chamou ó elevador e Miguel Bugallo volve a baixar a voz:

–Estou a facer unha reportaxe sobre as redes do narcotráfico, é para unha revista mensual que non lé ninguén. Xa sabes, nada de nomes, só quería algún dato, algunha pista para que non me quedase moi no aire.

–Nada che sei diso, Miguel.

–¿Nin tan sequera unha idea sobre algún deses dos que todo o mundo fala?

Camilo nega coa cabeza. Está farto de que o teñan por un pringado. Si, el é tan respectable coma ese home dos seguros que baixa acompañado doutro veciño. Saúdaos. Cumpre deixalos pasar, a amabilidade é a base da convivencia. Logo, palpa na mercancía que leva no peto e faille un xesto de despedida ó amigo Miguel. O periodista advirte:

–Sabes que se volves ó trullo como reicidente, todo vai ser moito peor.

Camilo asinte e de súpeto a súa cara ilumínase cun sorriso amplo, inesperado.

–¿A que non sabías que teño unha filla, Miguel, unha nena de sete anos aínda por recoñecer?

–Non é mal motivo para deixalo.

–Estaba pensando nun seguro de vida. Eu xa non son un pringado, sabes, iso morreu. Heille facer caso a ese pesado do cuarto; a semana que ven asinareille a póliza con ela de beneficiaria.

Miguel Bugallo cala. Mostra o carrete que ten que revelar e fai un aceno de despedida. Camilo sinala coa man. Pídelle que agarde. Acaba de sacar un lápiz do mesmo peto onde leva a mercancía e garavatea un enderezo nun papel que dobra e lle ofrece ó periodista:

–Para que che quede mellor a reportaxe. E non esquezas que nin eu sei nada nin ti vas de parte de ninguén.

22.–

Xerardo García, o do sexto-dereita, non tiña moito oído, pero ben que se decatou de como lle renxeron os ósos a Herminia Cancelo, a do noveno esquerda, cando quixo poñerse en pé. Os veciños do edificio "Maracaibo" estaban aínda desfilando polo consultorio do primeiro sen que ninguén lle puxera aínda a man ó esmagado que había trala porta, e o señor García invitaba Herminia a que volveuse sentar nunha zona menos transitada do despacho.

–Ten que coidar esas articulacións, que vostede debe ser aínda máis noviña ca min e as pernas non lle andan nada católicas –recomendou o xubilado.

–Ver –calculou Herminia recompoñendo a cara–, seguro que eu lle son bastante máis nova, pero é que cando me acomete o raio da artrosis, estrálanme as pernas coma se fose unha carraca espalancada.

–Allo, moito allo crú polas mañás, non lle hai cousa coma ela, e un bo parche poroso se a reuma se lle pon farruca.

–O caso é que debería ir ver ós netos e non sei eu nin a que hora vou chegar.

–Se quere facerme caso, chame e diga que non vai nin hoxe nin nunca.

–¿E quedar soíña na casa? !Non, ho! Xa paso toda a semana así coma unha pantasma polo piso adiante.

–Por que ten que quedar na casa, invítoa eu a xantar no clube de xubilados, ningún lle ten queixa da cociña que alí se fai.

A señora Cancelo riu. Quedaran sós no cuarto onde o graduado Rosende tiña a fotocopiadora e a señora pareceu dubidar diante daquel trasno de vello decidido a esperar resposta.

–Ver , señor...

–Xerardo. E ti por ti.

–É que estou pensando que podía avisar dicindo que ando un migallo enferma e agardar logo a que eles viñeran verme pola tardiña.

O señor García pareceu non entender ben:

–Queres dicir que pensabas chamar á familia dicindo que non te topas ben.

–Iso dixeran.

–Grave erro, muller; para que se preocupen por un a estas idades, hai que dicir que un pensa marchar de viaxe a un sitio que cadre ben lonxe, ou mercar un negocio, ou botarse unha amante e cousas así. Entón é cando pensan que pode perigar o que lles queda de herdanza e principian a aparecer todos como voitres. Pola contra, cando un di que se atopa no medio da enfermidade, o único que consegue é que lle recomenden algunha receita das que lle acaban co organismo ou que fuxan da beira dun por medo a algún terrible contaxio.

–Vostede, é dicir, ti Xerardo, ¿aínda tes ánimo para facer esas cousas?

–¿Viaxes e excursións?... ¡Todas as que podoo! E cando os meus fillos me din algo, mándoos a tomar, dispensando, polo cu.

–Quero dicir do outro.

–¿Deitarme con mulleres?.. Digamos que coñezo xente, teño boas amigas no clube e noutros sitios, e ti tamén poderías ter as túas propias amizades se queres que desde hoxe mesmo chas vaia presentando.

Herminia Cancelo volveu a dubidar. Miraba ós lados por se alguén seguía a aquela conversa súa, e apretaba o carné de pensionista dentro do peto.

–¿E que che din diso os fillos?

–Eles non me consultan a min e eu tampouco lles pido a eles consello ningún. Cando acudan a pola herdanza, espero que dentro de moito pola conta que me ten, vailles quedar lume ós moi cabestros; e a min, namentras, xa ves, me quiten o bailado.

Herminia Cancelo carraspeou. De súpeto decatouse de que non recordaba a que hora saía o seguinte tren. E pensou por un momento na cara que poñería a lercha da súa filla se lle chegara a dicir que ía facer faíscas coa herdanza. Mirou ó teito e decidiu:

–Vou chamar familia.

–¿Para lles dicir que?

–Damos un paseo ata o clube de xubilados e chamo logo desde alí.

–De paseo nada, ¡un taxi!, faltaría máis. En canto acabemos con estes da comunidade, marchamos ti e máis eu coma dous señores a celebrar este día que en morrendo vaise un deitar, ¿ou como é?, e no entanto,

Herminia, vaille botando unha ollada a estes papeles onde veñen as próximas excursións que temos organizadas. Xa verás como co aire da Costa do Sol, nun cuarto con vistas ó mar e verbena tódalas noites no mesmo Hotel, non che van renxer máis eses ósos teus.

23.–

Alvarito andou ata o cuarto-dereita. Fóra amencía unha mañá soleosa que parecía chamar por un, pero el sentíase bastante atristado. Se non acababa xogando co Iván, o rapaz da súa mesma idade que vivía alí, aquel sábado na casa dos seus avós prometía resultar do máis aburrido.

–¿Que tes pensado facer hoxe? –pregunta Alvarito aínda ben non aparece pola porta o fillo máis vello de Hipólito e Milucha.

–Non sei cando voltaremos á casa, meu pai está empeñado en saír agora mesmo para a aldea e cando lle dá por iso, non queda aquí ninguén.

–Que sorte tes, eu pedinlle ós meus que me levaran con eles a lles axudar a vender no posto que montan nunha feira, e tamén lle chorei ó avó para que me deixase acompañalo na carnicería, pero ninguén me quixo levar.

–Pois eu non quero saír da casa e xa ves.

–Di que estás enfermo.

–Poñeríanme o termómetro e descubrirían a verdade, ou dirían que o aire da aldea ía sentarme ben.

Os rapaces míranse coa carraxe que corresponde ó caso. A nai de Iván aparece no corredor e os dous pónense de porta a fóra. Alvarito baixa a voz para tantear:

–¿E se ti quedases aquí no meu lugar e marchase eu a pasar o día na aldea cos teus?

–Tampouco nos deixarían. Ademáis eu quero estrear isto e meu pai tenme gardada a tarxeta do ordeador para que non poida poñer xogos.

Iván amósalle un disquete que leva ben gardado. Alvarito mira aquilo con incredulidade.

–É unha copia pirata do último "Destroyer", o mellor xogo que hai, ¡unha pasada! –aclara Iván.

–¿E isto é polo que querías quedar na casa?

–Claro, para estrealo, non vexas que marabilla de imaxe virtual, ¿non oíche falar del?

Alvarito nega. Só lle queda despedirse e volver a subir ó oitavo. Xa na escaleira, pregunta:

–¿Sabes que pasou cun que caiu ó patio?

–Si, xa me dixo meu pai que era coma nas películas, unha cousa aparente.

–¿E deixáronche velo?

–Para que quero eu ver un só cando podería ter máis dun cento de mortos na pantalla co só poñer o "Destroyer" media hora.

–Pero ese debía ser de verdade.

–Ninguén morre nunca de todo, e tampouco de verdade, sábeo ata o cura que nos vén dar clase ó colexio.

E Alvarito marcha. Sabe que como proteste a avóia vai castigalo a ver a televisión, pero cun pouco de sorte aínda está a tempo de convencela para que o deixe marchar polo menos ata o parque mentras non volten os seus pais. Por iso convén non incomodar a esa avóia súa que seguro que xa estará preguntando por el.

24.-

Pili Castiñeiras, é esteticista, e apareceu tan cedo polo local porque estaba a piques de recibir unha siareira de toda a vida. Mirou aberta a porta do primeiro dereita e mesmo se extrañou de escoitar tantas voces alí dentro, mais ela non estaba para pescudar que podería facer tanta xente no piso de enfronte. A verdade era que non se sentía con ánimo para cousa ningunha. Esa noite fora dunha espasallada tolería e

espantáballe a idea de que o seu noivo poidera chegar a ventar algo do que realmente aconteceu. Porque o lerio foi que, aproveitando que el non chegaba ata o domingo, ese venres saíra con outro home e a enleada aínda rematara a esas horas da mañá.

O primeiro que fixo Pili foi mirarse ben o pescozo no espello. ¡Merda, o que estaba temendo! Dous dedos máis abaixo da orella esquerda, Aurora unha clarísima pegada dun rosa escuro que logo ía ser nidiamente morado. Difícil de xustificar a mordedela. E o caso era que o dese ghicho chupón non pasou dunha arroutada, pero tiña para cinco días de sinal ben presente por moito que botara man da maquillaxe.

¡A nai que o pariu! E todo porque o fulano tiña unhas trazas entre Mickey Rourke e Mel Gibson, bicaba coma un polbo que lle rebordase no corpo e así non había quen fose quen de resistir e non ir bater con el a ese lugar que nin sabía onde fora, porque todo pasou no seu coche. Así lle quedou o corpo todo machucado polas embestidas do home contra daqueles malditos asentos reclinables que viran a noite máis escabardada desque tiña memoria.

O peor era o día despois: Unha ducia de permanentes e peiteados a oito axiña estarían agardando e, pola noite, a ver como lle explicaba ó noivo ese puto sinal, esa tripadura violada da que el ía decatarse enseguida. E ben que llo advertiu ó outro: "Fai-me todo o que queiras, máis nada de pegadas no corpo, que me podes perder; e no pescozo moito menos, cabronazo, que vai cantar á primeira a chupaela". Pero quen podería parar unha maruxía coma a daquel tipo nuns momentos como os que acababa de vivir.

—¡O timbre! ¡Foder, xa está aquí a da permanente! E eu sen me dar unha ducha tan sequera. Mira que ir perder o noivo pola culpa daquel ghicho ventureiro. Si, xa vou!, e xa lle podían dar polo cu ás permanentes. A ver. Pero si é a Felisa, a lerchana que vive no terceiro".

—Que hai, Pilocho, ¿xa o viches desde aí?

—¿Ver...o que?

—O pobre do morto, filla, se é que non che somos nada.

—¡Un morto! ¿Onde?

–Xusto detrás desa porta que dá ó patio.

Sen saber ben por que, a esteticista rompeu a saloucar cunhas bágoas retrincadas e cansas diante das que Felisa Pintos sentíase na obriga de tentar un inconcreto consolo, coma se dunha meniña se tratase:

–Xa pasou, acouga Pilochiña.

–E que agora o meu noivo pódeme deixar. Estoulle mentindo e iso non está ben. Polo menos non debín permitir que ese outro me deixara esta marca –confesou Pili Castiñeiras mostrando o pescozo nunha inesperada confianza na que ela mesma non se acababa de recoñecer.

Felisa Pintos deulle unha aperta grande, forte e tenra á vez. De sobra sabía ela que sinais pode deixar unha paixón cando se empeña en dar mordedelas, ou cando trata de escorrentarse pagándolle tailandeses a unha gatiña tan compracente como ela mesma, e farta estaba de tratar con xente que se pon choromicas sen vir nada a conto; mais, por un momento, mesmo chegou a pensar que a perruqueira andaba a saloucar por causa dese cadáver.

25.–

–Señora, se non acepta o que lle acaban de explicar estes veciños, daquela resulta que vostede non entende nadiña do que é a verdadeira democracia –chantoulle Aurora Aguiño á Herminia, a do noveno esquerda, que ás dez menos cuarto pasadas estaba tomando café con leite naquela improvisada sala de xuntas que era o despacho do señor Rosende.

–E o que é peor, non someterse ó colectivo para deixarse levar por teimas pessoais, non é máis que anarquía, así como soa –calificou Francisco Rosende sinalando co dedo veciña do noveno esquerda.

Tódolos presentes aprobaron as afirmacións da pitonisa e o graduado. Non era para menos. Co difícil que era poñer de acordo á xente para calquer decisión por pequena que fose, e agora, por unha vez que todos

eran da mesma idea, só faltaba que a vella do noveno se puxera ingobernable, o que se di en plan insurrecto contra dos demáis.

–Foi unha pena que o pobre caíra dese lado, porque se chega a ser pola parte dos tendeiros da roupa, podía terse agarrado nalgún deles e seguramente non tería por que pasar esta desgracia –calculou Peregrina, a do oitavo, que xa despachara ó seu home para a carnicería, que deixara ó seu neto diante da pantalla do televisor e topábase moi a gusto botando culleiradiñas de azucre nas tazas dos presentes.

–Señora, despois dos traballos que pasamos esta mañá para facer as cousas como Deus manda, agora non se nos irá a poñer o que se di mexiriqueira –remachou Elvira, a muller do presidente, e engadiu–: Recorde que vostede soamente ten que dicir que si e asinar o que o meu marido e estes outros señores lle digan.

–¿Quere alguén outro cafeciño antes de que enfríe? –ofreceu Ricardo Taracido diante dun feixe de brazos que estenderon cadansúa taza.

Herminia Cancelo mirou a Xerardo García e logo baixou a vista ó folleto de viaxes para a terceira idade. Había unha foto cunha praia enorme e tiña marcado cun lápiz unha oferta especial de fin de semana nun lugar do Mediterráneo predilecto da *jet* que lle soaba moito de miralo na televisión.

Francisco Rosende ergueuse do asento. Unha timbrada seca anunciara que alguén chamaba á porta. Era Teodoro Valiñas, o funcionario do quinto-dereita, ese que poñía gravata incluso os domingos. Viña con Roberto Fidalgo, o veciño do oitavo-dereita que andaba sempre bébedo. Valiñas falou con moita autoridade, e non se recatou en lles chiscar un ollo ós presentes:

–Don Francisco e compañía, velaí lles traio a este señor que seica escoitou algo extraño pola casa e estaba a piques de chamar á policía

O graduado Rosende ía dicir algo, pero adiantouse o presidente, cos brazos estendidos:

–Pase, pase, don Roberto, precisamente estabamos todos nós agardando por vostede. Veña e verá como axiña lle explicamos os curiosos acontecementos deste día.

26.–

Benedicto, o do "Bar Bruxelas", coñecía a case tódolos de "Maracaibo". A Benilde, a enfermeira estaba farto de vela por alí; á señora que ía con ela, non recordaba tela mirado polo bar pero sabía que tamén era veciña do edificio.

–¿Que vai ser?

–Eu leite só, morniño e a esta muller, o que queira.

–O de sempre, Benedicto, pero hoxe con descafeinado, que aínda non fun durmir.

–Senten que xa llo levo á mesa.

Aínda non bateran as dez e Benedicto xa estaba ó pé do cañón, para que esa Manuela súa non dixera que non acudía a sacala da barra cando principiaba o traballo de verdade. E soltou o vapor da cafeteira. A vida, no fondo, non era máis que iso: abillar os vapores propios para ir quentando leite ou botar man de sobres de infusión ata afogalos na fervura. Si, había que liberar tódolos vapores que, doutro modo, fumegarían a alma ata acabar estoupando nun.

Si que era iso a vida, e tratar que louza e cristal non escachasen antes de tempo mentras desfilaban pola barra corpos que xa nunca se fixarían nel. O outro, o de botar alí quince horas compridas cada día para manter o negocio en pé, era simplemente procurarlle aparcadoiro á xenreira propia, sudar coma un boi un miudallo de cartos sempre cicalleiros para ser premido pola Facenda en incómodos trimestres. E a Facenda era calquera cousa menos vida. Claro que, ó cabo do día, Benedicto ía vendo de todo e de casi todo aprendía o seu. Se cadra era o único bo que tiña iso de ser autónomo con licencia fiscal: poder filar á xente que lle ía deixando os cartos para ilara colocando como unha colección moi súa nalgún andel da cabeza propia. E había de todo, en quince horas de

lideira os sete días da semana, polo "Bar Bruxelas" pasaba toda unha escolma de tolos cunha interminable variedade de sedes apurándolles na gorxa.

–¿Que vai ser?

–Dous con leite, cortos de café –pideu Fernando Míguez, o do cuarto-esquerda.

Benedicto sabe que ese da coleta é veciño do edificio. Pasa un pano enxuto pola barra, mira de esguello á morena que o acompaña e antes achegarse á cafeteira, ponlles un xornal diante.

–¿Oes, non saberedes algo dun que seica morreu esta mesma mañá? –pregunta o veciño.

Benedicto acepta de que os siareiros lles falen de ti por ti. Sabe que esa confianza repercute favorablemente na caixa. Pero gárdase de facer o mesmo cando aparecen pola porta do "Bruxelas" acompañados de persoas descoñecidas. Por iso mantén un certo respecto ó responder:

–Nada lles sei, pero se queren ver o periódico seguro que topan ós finados por ducias.

–Non, se polo que eu sei, pasou neste mesmo edificio.

–Élles moi cedo para botar en falta a algún veciño –razoa Benedicto–, aínda non é a hora do vermú.

–Viches por aquí esta mañá ó Miguel, o amigo este que traballa na radio –volve a preguntar Fernando. "A ese deben pagarlle unha miseria na empresa" –pensa Benedicto– seguro que nin ven á hora do vermú". Pero sabe que unha cousa é o que un cavile e outra o que cumpre dicir, por iso ofrecelles cadanseu cruasán á parella da barra e fai memoria:

–Tampouco lle sei do señor Miguel, só levo de conta que ultimamente case nin ven por aquí.

E Benedicto conecta a música ambiental e apártase con discreción para non estorbar as confidencias da parella.

–Para min que aquelas dúas están a chorar –decatouse Manuela, a muller do Benedicto, nun momento no que saíu desa cociña na que se recluíra aínda ben non viña o seu home a facerse cargo da barra, e dixoo

ben segura de que, na mesa do fondo, Adelina e mais Benilde estaban contaxiadas dun visible pranto.

–Ninguén se meta nas bágoas das mulleres –ordeou o home–, nin de ningunha outra xente –engadiu. E deulle máis volume música ambiental.

27.–

–¿Non quererá alguén que lle faga unha permanente?

Benilde virouse ó escoitar a Pili Castiñeiras. Adelina invitouna a que sentara e a esteticista aclarou:

–É que vin moi cedo por causa dunha clienta que me pediu que abrise a esta hora, pero a señora acaba de dar-me plantón, ¿que vos parece?

A propietaria do segundo e inquilina do sétimo miráronse con certa complicidade. Tiñan os ollos húmidos pero, de súpeto, escacharon a rir.

–Ó mellor, interrompo –desconfiou a perruqueira.

–Non, Pilocho ti nunca molestas –gargallou Benilde.

–É que teño de certo que a nós tamén non teñen dado plantón; e desde hai moito máis.

–E a min acábame de dar unha choreira e xa non esperaba ver a ninguén tan contento nesta mañá.

As veciñas volveron a rir con máis intensidade.

–Non lle vexo a gracia –confesou Pili Castiñeiras.

–É que a nós tamén nos acaba de dar outra choreira coma un mar hai soamente tres minutos –aclarou Benilde.

–Verás, Pilocho, é algo que acontece cada vez que unha toma unha decisión importante –farfallou Adelina.

–¿Que decisión? –tanteou a perruqueira.

–Unha permanente, si, preciso agora mesmo un bo peiteado dos que ti fas para as grandes ocasións –decidiu Adelina sen pensalo máis, erguendo da cadeira cun billete na man para irlle pagar ó Benedicto.

–Eu, ó mellor, igual esta mesma tarde me decido no do peiteado –aplazou a enfermeira no momento de saír do bar.

Cando puxo o pé na rúa Benilde ví a todo máis claro. E acababa de confesalo. Si, desde que Ricardo Pereira fora a vivir para o piso de enfrente do seu, algo lle estaba pasando a ela. Tiña que aceptar a realidade: Ela andaba tola polo Ricardo Pereira. Moito máis do que esa imbécil da Paula coa que vivía polo non menos tarouco de Miguel Bugallo. Pero había unha diferenza entre as dúas: A outra calaba e botáballe a culpa a timidez. Ela, pola contra, non. E ía ser quen de poñer as cousas no seu sitio. Agora mesmo subiría e chamaría á porta de Ricardo. El estaría cos seus traballos de delineación asistida por ordenador. Quizáis pensando coma sempre nesa exmuller súa da que sempre falaba con tanta señardade. Ela precisaba soamente cinco, como moito dez minutos para deixar claro o que tanto lle petaba no peito. Si, iso tiña que facer nesa mesma mañá.

E ó chegar ó séptimo, Benilde estaba ben decidida. Respirou fondo. Contou ata dez. Logo ata cincoenta. Desamañou mais que achandou o pelo e, por fin, premeu o timbre do séptimo-esquerda.

28.–

–Chaman ó timbre –decatouse Paula Menduíña cando xa estaba no cuarto de Ricardo, co camisón feito un molido e a boca do veciño chuchándolle esa orella que lle daba un punto de irreversible quentura.

–Menos das once neste piso non se abre e a ninguén –case nin certou a dicir o delineante.

Nunca sabería explicar Paula Menduíña como eles dous chegaron a ese punto de aparecer estarricados na moqueta do estudio de delineación e, de seguido, feitos un novelo e medio encamados no cuarto del. Estaba Ricardo Pereira mostrándolle unha foto da súa exmuller e a piques de esbagoarse todo. E andaba ela mesma decidida a perder a súa timidez para dicirlle a verdade, a realidade de que ela a quen quería era a Miguel Bugallo e que a que tiña moi calada a súa paixón por Ricardo era a Benilde, a compañeira de piso. De feito, faltou moi pouco para que

chegase a confesalo todo. Pero niso, cando máis valente se ví a ela para largar a confianza, e cando máis choromiqueiro estaba o delineante pola causa da ex, velaí que cairon ó chan coma dous posesos. El borboriñando o nome da outra. Ela desexando que fose o Miguel e non este outro veciño o que a abrazase daquel xeito, o que furase por debaixo da chaqueta de punto, da camiseta estampada e do camisón semitransparente para retela baixo de si. Nunca por certo, nunca na vida chegara a ser bicada por un home que chorase ó mesmo tempo. Se cadra era un simple esnobismo, unha perversión ou un truco para deitarse con ela, pero a Paula non lle resultou desagradable que as bágoas do home lle mollasen unha coxa e logo o embigo. Por un momento pensou en como lle faría máis fronte ó seu problema de timidez; impedindo o que el quería, é dicir, erguéndose da moqueta e poñéndolle fréo antes de que el pasara máis adiante, ou caíndo na tentación precisamente para vencela, para pegarlle un corte ó seu complexo con aquela inesperada experiencia cun tipo capaz de tanto sentimento. En todo caso, como razoar con ese mesmo suxeto cando se apodera dunha despois de meses confesados de abstinencia e chama pola exmuller mentras a tiña a ela case núa e tresverquida baixo de si, un homazo que insiste no seu chorar morniño cando ela abandona toda resistencia e pide lume, e preme nel por onde el máis fame garda.

–Pensar que a min quen en realidade me gusta, segue sendo a filla da puta da miña ex –lembro o Ricardo coma nun ronquido atafegado, cando xa contaba de certo con que lle ía dar bo remate á arroutada.

–Pensar que a quen eu quero de verdade e ese cabronazo do Miguel – aínda se dixo Paula Menduíña a si mesma, aproveitando para tomar aire entre tanta premedura. E un intre despois voltaba a abandonarse, suspiraba, derretía todo resto de timidez, e sentíase afundir baixo o corpo de Ricardo Pereira.

O funcionario Méndez sabía de sobra que traballar no sábado era mala comenencia. Os venres pola noite había máis coches roubados, máis portas espalancadas, máis esposas maltratadas. É dicir, que o sábado pola mañá desfilaban pola comisaría cantas denegrencias cabían nesa podremia cotiá que vén sendo o mundo. Menos mal que pola tarde había xornada de Liga adiantada e a vida volvía a merecer a pena. Os partidos medraban coma os crimes, pero no fútbol un podía limitar os desexos de sangue a un nocelo escordado ou a unha simple goleada ó contrario. Coma un autómeta, Méndez acendeu un pitillo ó chegar ás páxinas de deportes. Un adestrador prometía unha victoria rotunda. E o funcionario pensou que o mundo existe porque tódolos días hai roubos, violadas e asasiñados, pero só paga a pena porque tódalas semanas hai fútbol e por ver un bo partido nunha localidade de preferencia, mesmo na pantalla do televisor, paga a pena aturar un traballo coma ese e lidar cada día cunha zurrumalla de suxeitos como a que agora estaba no piso de abaixo. Nada menos que cinco individuos tiñan alí, facendo bulo no cabozo os moi presuntos, os máis que implicados, todos detidos na madrugada, todos agardando ós avogados da quenda de oficio que tamén prometían, coma os adestradores, que non acababan de presentarse a pé de obra por mor de tanta resaca. Ademais, unha simple vistada a esa sala de espera ateigada de vítimas era para botarse a tremer de tanto ambiente. De mala gana apartou o cigarro e pechou as páxinas de deportes.

—¡O seguinte!

Dous homes e unha muller, moi atristados, entraron pola porta. Un era calvo e coarentón. O outro andaría polos trinta e levaba uns grosos lentes que lle daban un aire amouchado. Á muller parecían renxerlle os cadrís e tiña tódalas trazas estar xubilada. O funcionario recuperou o pitillo antes de se poñer coa vella Olivetti. Desde prohibiran fumar, só lle daba ó emboquillado mentras escoitaba as declaracións dos denunciantes.

—¿Vostedes?

–Queremos poñer unha denuncia –princiou o home calvo.

–¿Motivo?

–Estiveron a piques de roubar con violencia no piso desta señora, no edificio Maracaibo –senalou o de lentes mentras a vella asentía.

–¿Son vostedes familia?

–Somos veciños do mesmo edificio –precisou o calvo e aclarou–: Eu son o presidente da comunidade.

–¿Como foi iso de que estiveron a piques? Isto é como o fútbol: Se non entra a bola non hai gol, e se non o hai gol, o árbitro non pita e o marcador non se move; así que aquí pode contarnos o que queira pero postos a denunciar, que sexan feitos consumados.

–Verá o ladrón forzou a porta da terraza e desde alí descolgouse polo interior; cando xa escachara a ventá do baño desta veciña, esbarou...–e aí o home dos lentes non topou palabras para seguir.

O funcionario prendeu un novo cigarro co resto que lle quedaba do anterior. Concentrouse no cinseiro. Aquilo era coma unha goleada; sete cabichas levaba xa a aquela hora. E iso que estaba a deixar o maldito tabaco. Mirou á xubilada que aínda non abrira a boca:

–¿Ten idea de quen puido ser o autor do feito?

–Agora está finado. Como lle ía dicindo, o fulano escorregou –insistiu o tipo dos lentes.

–Preguntéille a esta muller –cortou o fumador, moi cheo de razón.

–É que eu vivo nun noveno e caíu desde alí –explicou moi apoucada a vella, facendo renxer os ósos.

O funcionario comprendeu. Meteu un folio na máquina. Deulle unha última chupada ó pitillo e foino esfiañando no cinseiro, recontando incrédulo esas oito cabichas ben cumpridas que era coma un marcador en contra. O primeiro era o nome da denunciante. Ialle pedir o carné cando aquel home calvo volveu a poñerse pelma:

–Verá, só queremos denunciar os danos na porta e o cristal escachado; o ladrón xa é cadáver, quedou moi esmagado, e acaban de sacalo do patio de luces.